

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia**FICHA RESUMO**

Ano	2011	PE403A	2010/72-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE LIRA E O PINDO		
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS		
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO		
Modalidade⁽³⁾	A PE		

Especies	Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>) e ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>)
Ambito do plan	Praia da Berberecheira
Subzonas de explotación	CM-073, CM-074

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
12 de O Pindo + 16 de Lira = 28	-	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
0	-	-

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	25										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾											
Modalidade⁽³⁾: A PE											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
					X	X	X	X			X

Topes de captura⁽⁶⁾

Especies	A pé (Mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/habilitación
Berberecho	10 kg	-	-
Ameixa fina	2 kg	-	-

Artes a empregar	Sacho e rastrillo.
-------------------------	--------------------

Puntos de control	Estrada do Viso
Puntos de venda	Lonxa de Lira

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X	X								
Zonas: Berberecheira												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr		X	X			X		X	X			
Zonas: Berberecheira												
Especies: Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras		X	X			X		X	X			
zonas: superficie produtiva da Berberecheira												
Especies: Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



Traslados			X	X			X		X	X			
Zonas: superficie produtiva da Berberecheira													
Especies: Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos		X	X			X		X	X				
Zonas: Berberecheira													
Especies: Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados	X			X	X				X				
Zonas: Berberecheira													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Outros													

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: Aportan un listado cos 12 mariscadores de a pé da confraría do Pindo que teñen o permex renovado para o 2011, e con 15 mariscadoras de Lira, cando rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2011 nesta confraría o número de mariscadores autorizados para traballar é de 16. Débese incluír, que ten o permex en vigor ata o 31 de decembro de 2011.

Ampliación: Dada a situación dos recursos marisqueiros nestes bancos non se considera conveniente acceder á solicitude de incorporación de 4 mariscadores a pé para cubrir baixas producidas nos últimos anos.

Época de extracción: Como é habitual, se prevé solicitar 1 día de extracción no mes de xuño no que o produto recollido terá como destino a degustación de produtos do mar que se celebra durante as xornadas de pesca que tódolos anos organiza a confraría de O Pindo. Este día só traballarán as mariscadoras de O Pindo e non computará á hora de renovar os permisos de explotación. A solicitude de apertura para a festa deberá ser remitida dende a confraría de Lira, por ser esta a representante do plan ante a Administración.

Aínda que o destino do produto non sexa a venda, deberán recoller no punto de control os datos de extracción (número de mariscadores, quilos recollidos...) e remitilos á bióloga de zona da Consellería do Mar.

Artes: A gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o seu uso deberá aprobarse un plan experimental.

Puntos de control: Establécese un único punto de control, no que se rexistra o número de mariscadores e se fai o control de cupos e tallas. Os responsables do punto de control serán os propios mariscadores, dous de cada agrupación, de xeito rotativo. Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: “no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Traballos de semicultivo: A organización das accións de semicultivo (traslados, acondicionamentos, limpezas...) está ben definida, e a participación nestas tarefas é obrigatoria para tódolos integrantes do plan.

Vixilancias: Establécese a obrigatoriedade da realización das vixilancias, aínda que estas non computarán a efectos de renovación do permex.

Réxime sancionador: O incumprimento das normas contidas no plan será motivo de sanción, previo inicio do procedemento sancionador oportuno, conforme ao establecido no regulamento das agrupacións ou na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.